

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 18 DE SETEMBRO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaoto de setembro de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación das actas das Xuntas de Goberno Local ordinarias do 17, 24 e 31 de xullo; 7, 14, 21 e 28 de agosto e extraordinaria e urxente do 29 de agosto de 2024.

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Estimar parcialmente o recurso de reposición interposto contra a denegación pola Xunta de Goberno Local o 18-10-2023 da licenza urbanística para construír unha vivenda unifamiilar vinculada a explotación agropecuaria en Santa Engracia - Santa Comba (procedemento 2020/Y001/000344).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación da subministración de emulsión bituminosa para o mantemento de toda a rede de camiños municipais e a apertura do procedemento de contratación, exp. ref. 2024-C004-000021.

Tamén se acorda a prórroga do contrato dende o 01/10/2024 ata o

30/09/2025 ou período inferior ata a formalización de novo contrato na contratación dun servizo de xestión catastral, exp. ref. 2021/C003/000018.

Tamén se acorda aprórroga do contrato dende o 04/10/2024 ata o 03/02/2025 na contratación da subministración de produtos de limpeza (lote 2) no fogar do transeúnte, exp. ref. 2024/C004/000008.

Do mesmo xeito, acórdase a adxudicación na contratación para o patrocinio publicitario con motivo da celebración do festival "Caudal Fest 2024", exp. ref. 2024/c005/000004.

Acórdase a adxudicación na contratación do servizo de actividades lúdicas para nenos e nenas no mercado municipal, exp. ref. 2024-C003-000011.

3. FACENDA LOCAL.- Acórdase aprobar o proxecto de modificación da ordenanza fiscal xeral.

Tamén se acorda aprobar o proxecto de modificación da ordenanza fiscal número 103 reguladora da taxa pola prestación de servizos urbanísticos.

Acórdase aprobar o proxecto de modificación da ordenanza fiscal número 107 reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros saneamento e depuración de augas residuais.

Do mesmo xeito, acórdase aprobar o proxecto de modificación da ordenanza fiscal número 109 reguladora da taxa polo servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio.

Acórdase aprobar o proxecto de modificación da ordenanza fiscal número 201 reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

Así mesmo acórdase aprobar o proxecto modificación ordenanza fiscal

número 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles.

**ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A
VECIÑANZA**

4. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.- Acórdase a adxudicación de subvención nominativa á entidade Cruz Vermella Española, para o exercicio de 2024. proposta de aprobación do texto do convenio regulador.

Fóra da orde do día

- Acórdase aprobar o Convenio Interadministrativo entre o Concello de Viveiro e o Concello de Lugo para o nomeamento de instrutor no expediente informativo e de actuacións previas ao respecto da situación excepcional acaecida no corpo da policía local do Concello de Viveiro, que se está a tramitar polo servizo de cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

- Adxudicación do contrato baseado no acordo marco para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión trala adhesión á central de contratación da federación española de municipios e provincias (FEMP).

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.